



Un estudante de Vitivinicultura do CPR Belarmino Fernández Iglesias comeza a súa Formación en Centros de Traballo (FCT) en Europa grazas ó programa Erasmus+

O CPR Belarmino Fernández Iglesias, en Rosende (Sober) participa no programa Erasmus+ co seu proxecto **2021-1-ES01-KA131-HED-000004704 EUROVITICULTURA**.

Este proxecto Erasmus+ vaille dar, por primeira vez, a oportunidade a un estudante do Ciclo Formativo de Grao Superior en Vitivinicultura de poder realizar as súas prácticas formativas correspondentes ó módulo FCT nunha adega asociada ao Institut Agricole Régional de Aosta (Italia). A partires do día 22 de Maio e ata finais de Xullo a mobilidade permitiralle mellorar a súa formación desenrolando o seu labor tanto en viña como nunha adega do estranxeiro, ademais de favorecer a aprendizaxe das linguas propias do país de acollida e coñecer outras culturas. A elección de Aosta para a realización das prácticas está moi relacionada co tipo de Viticultura Heroica que temos na Ribeira Sacra, xa que alí se atopan os viñedos máis altos de Europa e a súa forma de traballar é moi similar á da nosa zona. Este proxecto Erasmus+ da Unión Europea tamén contempla a mobilidade do profesorado deste Ciclo do CPR Belarmino Fernández Iglesias, o que fixo posible que o ano pasado unha das nosas docentes visitara diferentes adegas na Toscana para aumentar os seus coñecementos sobre a viticultura e técnicas de elaboración de viños no país italiano e que o mesmo tempo nos servira para aumentar a internacionalización do noso Centro para fomentar futuros intercambios de toda a comunidade educativa con outras institucións europeas. A directora do centro e coordinadora do programa Erasmus+ Rebeca Vázquez Iglesias indica “Estamos encantados de que por primeira vez o noso Centro participe nun proxecto Erasmus+ para a educación Superior xa que permite ao noso estudantado poder levar a cabo as prácticas no estranxeiro, o que para eles é unha oportunidade única de coñecer outros países, outras culturas e outras linguas que ó mellor polo feito de vivir no rural non poderían e que lles vai abrir portas para o seu futuro laboral, e ademais creemos que lles servirá como unha gran experiencia persoal. Tamén é moi importante para todos nós, xa que nos permite avanzar na internacionalización educativa do noso Centro. Este proxecto terá continuidade nos próximos anos para seguirlle dando a oportunidade tanto ao noso alumnado de realizar as súas prácticas na Unión Europea como aos docentes que queiran ampliar os seus coñecementos para mellorar a calidade das súas ensinanzas aos futuros profesionais do sector da vitivinicultura”.

Erasmus+ 2021-2027 é o renovado programa da Unión Europea nos ámbitos da educación e a formación, mocidade e deporte, que ofrece oportunidades para todas as persoas e en todos os sectores educativos (Educación Escolar, Formación Profesional, Educación Superior e Educación de Persoas Adultas). Este novo Erasmus+ é máis internacional, máis inclusivo, máis dixital e máis ecolóxico, apoiando a transformación dixital, a inclusión e a diversidade, ademais do medio ambiente e a loita contra o cambio climático. Cun orzamento de máis de 28.000 millóns de euros, financiaranse proxectos de mobilidade e cooperación transfronteiriza relacionados coa aprendizaxe para 10 millóns de persoas de todas as idades e de todas as orixes. En España, o programa Erasmus+ xestiónase por parte do Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), organismo público adscrito ao Ministerio de Universidades que actúa como Axencia Nacional do programa nos ámbitos da educación e a formación.



NOTAS ÓS REDACTORES

Para obter máis información sobre o proxecto ERASMUS+ **2021-1-ES01-KA131-HED-000004704 EUROVITICULTURA**, por favor póñanse en contacto con nós a través de noso email cpr.belarmino@edu.xunta.gal ou chamando o teléfono 982460469. Tamén poden consultar a nosa web <https://fundacionbelarminofernandez.com/erasmus/> ou as nosas redes sociais:

- Twitter: @CPRBelarminoFdz
- Facebook: www.facebook.com/fundacionbelarminofdez
- Instagram: @fundacionbelarminofdez

Acerca do programa Erasmus+

O novo programa Erasmus+ 2021-2027 ten como obxectivo principal, no ámbito da educación e a formación, a promoción da mobilidade educativa das persoas e os colectivos, tanto do alumnado como do persoal, así como a cooperación, a calidade, a inclusión e a equidade, a excelencia, a creatividade e a innovación a nivel das organizacións e as políticas. En relación coas políticas educativas europeas, en especial co Espazo Europeo de Educación 2025, as prioridades do Programa son a inclusión e diversidade, a transformación dixital, o medio ambiente e a loita contra o cambio climático, e a participación na vida democrática. O Programa artículase ao redor de tres liñas principais de actividade ou accións crave (KA), ademais da acción Jean Monnet:

A acción crave 1 (KA1), mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe.

A acción crave 2 (KA2), cooperación entre organizacións e institucións.

A acción crave 3 (KA3), respaldo ao desenvolvemento de políticas e á cooperación.

Accións Jean Monnet.

En España, o programa Erasmus+ xestiónase por parte do Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), organismo público adscrito ao Ministerio de Universidades que actúa como Axencia Nacional do programa nos ámbitos da educación e a formación.

O Programa conta cunha dotación económica de máis de 28.000 millóns de euros, que permitirá financiar proxectos de mobilidade e cooperación transfronteiriza relacionados coa aprendizaxe para 10 millóns de persoas de todas as idades e de todas as orixes.

En canto ás súas prioridades:

- Erasmus+ é máis inclusivo: ofrece maiores oportunidades a todo tipo de persoas, incluídas as persoas con orixes culturais, sociais e económicos diversos. Facilitanse os trámites de solicitude para que as organizacións máis pequenas poidan presentar solicitudes, grazas ás asociacións a pequena escala e ao uso de subvencións simplificadas.
- Erasmus+ é máis dixital: Erasmus+ apoia o desenvolvemento de capacidades dixitais, en consonancia co [Plan de Acción de Educación Dixital](#). Ofrece formación e intercambios dixitais de alta calidade a través de plataformas como [eTwinning](#), [School Education Gateway](#) e fomenta os períodos de prácticas no sector dixital.
- Erasmus+ é máis sostible: en consonancia co [Pacto Verde Europeo](#), o Programa promove que os participantes utilicen modos de transporte máis sostibles, como o tren e o autobús. Tamén investirá en proxectos que promovan a sensibilización sobre cuestións ambientais e facilitará os intercambios relacionados coa mitigación da crise climática.



Cofinanciado por
la Unión Europea

Ademais destas prioridades, o novo Programa caracterizarase por ser aínda máis internacional, permitindo así a cooperación con terceiros países, unha cooperación reservada ata o de agora á Educación Superior e que se amplía aos sectores da Educación Escolar e a Formación Profesional.

Existen oportunidades para estudantes (especial atención a participantes con menos oportunidades), docentes e formadores, tanto para mobilidade para estudos e/ou prácticas no caso de estudantes, como para docencia ou formación no caso de profesorado e formadores.